

MOCIÓN SOBRE A TAXA POLO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

PLENO 06 DE NOVIEMBRE 2017. ACTA 09/2017

ANTECEDENTES:

Moción do grupo político municipal (GPM) do Agrupación de Electores de Redondela do día 22.06.2017 con número 9.348 que se transcribe a continuación:

“Os Servizos de Extinción, Incendios e Salvamento municipais como o que posúe o noso concello teñen varias liñas de financiamento; a principal soe ser financiamento das institucións públicas, o propio Concello, deputacións, etc.

A maiores, existen outras liñas de financiamento como a que vén a colación nesta moción, que son as aportacións provintes dos cobros das taxas pola prestación do servizo. Para poder cobrar dita taxa, necesítase ter unha ordenanza fiscal, da cal o noso Concello carece.

Este feito estanos a provocar un grave prexuízo, xa que ano tras ano o noso Concello perde uns ingresos moi útiles para mellorar o propio Servizo de Extinción, Incendios e Salvamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e consonte ao que dispoñen os artigos 15 e 20.4.k) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL); o noso Concello pode elaborar unha ordenanza fiscal para esta fin.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela o seguintes acordo:

1.- O Pleno do Concello de Redondela acorda a creación dunha ordenanza fiscal para o cobro das taxas que procedan polo Servizo de Extinción, Incendios e Salvamento .”

(O sr. alcalde auséntase ás 22:50 minutos e substitúeo o 1º Teniente de alcalde)

VOTACIÓN E ACORDO.-

VOTACIÓN E ACORDO do 1º punto da moción emendada:

Sometido o 1º punto da moción emendada a votación, a proposta resulta rexeitada, sendo 5 votos a favor dos concelleiros de AER e do concelleiro non adscrito a grupo, 7 abstencións dos concelleiros do PSdeG-PSOE e do concelleiro do BNG e 9 votos en contra dos concelleiros do GPM do PP.

VOTACIÓN E ACORDO do 2º punto da moción emendada:

Sometido o 2º punto da moción emendada a votación, a proposta resulta rexeitada, sendo 5 votos a favor dos concelleiros de AER e do concelleiro non adscrito a grupo, 7 abstencións dos concelleiros do PSdeG-PSOE e do concelleiro do BNG e 9 votos en contra dos concelleiros do GPM do PP.